



## **FORMALIZACION DE CONTRATO EN DOCUMENTO ADMINISTRATIVO**

### **“Servizo de limpeza viaria do Concello de Oleiros 2024-2028”**

Dunha banda D. ÁNGEL GARCÍA SEOANE, Alcalde-Presidente do Concello de Oleiros, en representación legal do mesmo que lle outorga o art. 21 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril.

E doutra D. LUIS MIGUEL TAIBO LAMAS, maior de idade, con DNI nº 76366561-Y, actuando en nome e representación da Unión Temporal denominada “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L. y JARDINERÍA ARCE S.L. LIMPIEZA VIARIA CONCELLO DE OLEIROS- ZONA 2, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de mayo”, abreviadamente, “UTE OLEIROS SERVICIOS URBANOS 4” con enderezo en Meirás (Sada-A Coruña)- Pé do Muíño nº 17 CP 15168 e CIF núm. U19809169.

D. LUIS MIGUEL TAIBO LAMAS manifesta que ten vixente a Escritura de Constitución da Unión Temporal formalizada o día 21 de xuño do 2024 diante do Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Fernando Maiz Cal, co nº de protocolo 656, mediante a cal é nomeado Xerente Único da Unión Temporal; e ca cal actúa en representación da citada U.T.E.

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade legal abondo para formaliza-lo presente contrato de servizos denominado “Servizo de limpeza viaria do Concello de Oleiros 2024-2028”, que conta cos seguintes:

### **ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS**

#### **I. EXPEDIENTE**

A contratación do servizo de limpeza viaria no Concello de Oleiros ten como principal obxecto regular a realización de todas as tarefas de limpeza e mantemento, tanto programadas como puntuais, necesarias para a consecución dos adecuados niveis de servizo en todos os núcleos urbanos e zonas relacionadas no presente documento.

Dende o Departamento de Servizos remitiuse ao de Contratación o expediente de gasto para a contratación deste servizo. Á vista das características e do importe do contrato, a Concelleira Delegada de Contratación emitiu Providencia instando á incoación do procedemento para a contratación do servizo denominado “Servizo de limpeza viaria do Concello de Oleiros 2024-2028” por medio de procedemento aberto utilizando para a selección do contratista unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo.

Elaborouse, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares para a súa contratación mediante o procedemento citado. Este prego adáptase ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).

Trala emisión do correspondente informe xurídico e o informe de fiscalización da Intervención Municipal; Pola Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 23 de abril do 2024, aprobouse a licitación deste contrato xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que regularán esta





licitación.

## II. FINANCIAMENTO

O informe de fiscalización da Intervención foi realizada con data de 18 de abril do 2024.

As obrigas económicas que se derivan para a Administración do cumprimento deste contrato fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 62.163.22799, imputándose aos exercicios 2024, 2025, 2026, 2027 e 2028, para o que se practicaron as correspondentes retencións de crédito.

Practicadas as retencións de crédito; por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 23 de abril do 2024, acordouse a autorización do gasto para a execución deste contrato.

Unha vez emitido informe de fiscalización o día 9 de xullo do 2024, previo á adxudicación do contrato; por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 26 de xullo de 2024, acordouse a disposición do gasto polo importe de 4.416.500,00 € (10% IVE engadido) para a súa execución.

## III. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

1.- Por procedemento aberto e aplicando para a selección do contratista unha pluralidade de criterios; de conformidade co establecido nos artigos 131 e 156 e seguintes da LCSP e coa mencionada Providencia da Concelleira delegada de Contratación.

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio de licitación ao DOUE o día 25 de abril do 2024 sendo publicado o día 26 de abril do 2024; e tamén se publicou anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 26 de abril do 2024.

2.- Proposta de adxudicación: Na Mesa de Contratación de data 13 de xuño de 2024, propónse a adxudicación do contrato para a prestación do servizo denominado "SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE OLEIROS 2024-2028" á "CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L. y JARDINERÍA ARCE S.L. LIMPIEZA VIARIA CONCELLO DE OLEIROS-ZONA 2, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de mayo", abreviadamente, "UTE OLEIROS SERVICIOS URBANOS 4".

O adxudicatario achegou os documentos necesarios para a adxudicación do presente contrato, esixidos na cláusula 2.3.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Entre a documentación aportada consta a garantía definitiva polo importe de 200.750,00 euros, constituída o día 1 de xullo do 2024 mediante aval bancario nº 690458 da entidade "Abanca" co nº de rexistro 46/24.

3.- Adxudicación: Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 26 de xullo de 2024, procedeuse á adxudicación deste contrato; o cal foille notificado aos licitadores e feito público no perfil del contratante do órgano de contratación o día 30 de xullo do 2024.

Así, mediante este acordo; a Xunta de Goberno Local, por delegación plenaria, como órgano de contratación, adxudicoulle a "UTE OLEIROS SERVICIOS URBANOS 4". co CIF nº U19809169 e domicilio en Sada (A Coruña), parroquia de Meirás, lugar de Pé do Muiño, número 17, C.P. 15168, o contrato de servizos denominado "SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE OLEIROS".





E convindo a ámbalas dúas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato de servizos, formalízano en documento administrativo, de acordo coas seguintes:

### CLÁUSULAS DO CONTRATO

**PRIMEIRA.-** “UTE OLEIROS SERVICIOS URBANOS 4” comprométese á execución do contrato para a prestación do servizo denominado “SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE OLEIROS” con estrita suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas aprobados pola Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 23 de abril do 2024; documentos contractuais que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade.

**SEGUNDA.-** O importe de adxudicación deste contrato, polos catro anos do contrato, é de 4.015.000,00 €, ao que se lle suma un 10% IVE (401.500,00 €), o que supón un importe máximo total de 4.416.500,00 € IVE engadido.

O prezo será aboado de acordo co establecido na cláusula 3.1 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato.

**TERCEIRA.-** O seu prazo de execución será de CATRO (4) ANOS, coa posibilidade dunha (1) prórroga de un (1) ano de duración.

O servizo comezará a prestarse o día 1 de setembro do 2024, inclusive, data a partir da cal comezará a computar o prazo de execución do contrato.

Para os efectos de levar a cabo o seguimento da execución do contrato queda designado como técnico responsable do mesmo o Coordinador do departamento de Servizos Municipais, D. Ramón E. Martín Palma.

O contratista adxudicatario deberá executa-los traballos obxecto deste contrato do xeito descrito no prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, no prego de prescricións técnicas e de conformidade coa oferta presentada.

**CUARTA.-** O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos deste e a satisfacción do Concello de Oleiros, a totalidade do seu obxecto.

A constatación do seu cumprimento esixirá que o Concello adopte un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á realización do obxecto do contrato, de acordo co artigo 210 da LCSP.

O PRAZO de GARANTÍA deste contrato será de TRES MESES contados desde o día seguinte ao da sinatura da acta de recepción ou conformidade dos traballos.

**QUINTA.-** Para responder do cumprimento deste contrato, “UTE OLEIROS SERVICIOS URBANOS 4” constituíu o día 1 de xullo do 2024 a garantía definitiva polo importe de 200.750,00 euros, mediante aval bancario nº 690458 da entidade “Abanca” co nº de rexistro 46/24.

**SEXTA.-** De conformidade coa cláusula 3.5 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado K do cadro-resumo, non procede a revisión de prezos neste contrato.





**SÉTIMA.-** “UTE OLEIROS SERVICIOS URBANOS 4” queda vinculada tanto pola oferta económica presentada como pola súa oferta técnica (cláusula 2.2.6 e anexos XIII e XIV do prego de cláusulas administrativas particulares. Documentación contida nos sobres 2 e 3), nos cales se inclúen aqueles aspectos que foron obxecto de valoración e que serviron de base para a adxudicación deste contrato e que son: Análises de condicionantes no ámbito do servizo, metodoloxía e organización do servizo, control e seguimento do servizo, proposición económica e mellora relacionada coa reparación de papeleiras.

O contratista adxudicatario ten o deber de executar o contrato de acordo coas prescricións contidas nos citados documentos aos cales está vencellado.

Faise constar que, de acordo coa oferta presentada, “UTE OLEIROS SERVICIOS URBANOS 4”:

1.- Ofrece a seguinte mellora:

- Reparación de pequenos danos e cambios de pezas rotas nas papeleiras do ámbito de actuación, sen incluír a subministración de materiais necesarios, que correrá a cargo da Administración contratante, a cal achegará en todo caso as pezas e materiais necesarios para efectuar tales traballos. Estes traballos deberán ser desenvolto polo persoal adscrito ao servizo durante a xornada laboral ordinaria asignada á zona, sempre con ocasión dos labores de limpeza, empregando os medios adscritos ao presente contrato.

“UTE OLEIROS SERVICIOS URBANOS 4” comprométese a adscribir ao “Servicio de limpeza viaria no Concello de Oleiros, os medios materiais e persoais necesarios para a súa execución. A UTE comprométese a contratar como mínimo ao persoal indicado no Anexo VIII do PCAP e a adscribir eses medios persoais ao longo de toda a duración do contrato, co compromiso de enviar os contratos laborais dos traballadores ao Concello de Oleiros unha vez se dispoña deles.

**OITAVA.-** De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares:

**8.1.-** Establécese como condición especial de execución deste contrato o seguinte:

- A adxudicataria deberá comprometerse á elaboración dun plan para favorecer a formación no lugar de traballo. A empresa adxudicataria deberá presentar no prazo dun mes desde a formalización do contrato ante o responsable do mesmo un plan descritivo da formación que realizarán os seus traballadores no período de duración do contrato. Ao final de leste, haberán de xustificar a súa realización ante os responsables do contrato.

O incumprimento desta condición especial de execución terá a consideración de causa de resolución do contrato.

**8.2.-** Establécense como obrigas esenciais deste contrato:

- O cumprimento do compromiso de adscrición de medios ao contrato.
- O cumprimento das características da oferta vencelladas aos criterios de adxudicación.
- O cumprimento dos compromisos de mantemento das condicións laborais que estableza o convenio colectivo de aplicación ás persoas traballadoras adscritas á execución do contrato.

**NOVENA.-** Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, a Administración ostenta a prerrogativa de interpretar este contrato, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modifícalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución, determina-los efectos desta e aquelas outras prerrogativas que se establezan na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares.





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]  
Correo-e: [contratacion@oleiros.org](mailto:contratacion@oleiros.org)

Os acordos correspondentes, adoptados logo de concederlle audiencia ao contratista, poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, e contra dos mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita xurisdición.

**DÉCIMA.-** A preparación, adxudicación, efectos e extinción deste contrato rexeráse polo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas particulares reguladores desta licitación; e para o non previsto neles, será de aplicación:

- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traslada ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014;
- O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público;
- E o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas en todo o que non se opoña ao RDL 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009;
- Complementariamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O descoñecemento do contrato administrativo en calquera dos seus termos, dos documentos anexos a este ou das instrucións, pregos ou normas de calquera índole ditados pola Administración que poidan ter aplicación directa na execución do pactado, non eximirá ao adxudicatario da obrigaición do seu cumprimento.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** O Sr. Alcalde-Presidente do Concello advirte ao contratista do deber de cumprir coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de Seguridade e Saúde no traballo, disposicións que estivesen vixentes ou que puidesen promulgarse durante a execución do contrato.

Así mesmo, o contratista deberá de observar os deberes relativos á tributación, á protección do medio ambiente e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais. Así mesmo, deberá observar tamén as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

En proba e testemuña de conformidade con este documento, asinan ámbalas dúas partes, na data que figura ao pé das sinaturas, sendo a data do contrato a da última sinatura.

**O ALCALDE**

**O representante de "UTE OLEIROS SERVICIOS  
URBANOS 4"**

**Asdo: Ángel García Seoane**

**Asdo: D. Luis Miguel Taibo Lamas**

